

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA) E A FUNDACIÓN ARUME PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ESTRATEXIA DE DIFERENCIACIÓN DOS PRODUTOS ELABORADOS CON MADEIRA DE PIÑEIRO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Ignacio Lema Piñeiro, director da Axencia Galega da Industria Forestal,
DECLARA:

Que a Axencia Galega da Industria Forestal (en diante, XERA) formalizou coa Fundación Arume (en diante, ARUME) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre XERA e ARUME para a realización dos traballos previos necesarios para desenvolver unha estratexia de diferenciación dos produtos elaborados con madeira de piñeiro de Galicia mediante ferramentas de comunicación a escala sectorial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden de consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

XERA ten como finalidade principal actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector.

Pola súa parte, ARUME é unha entidade privada sen ánimo de lucro que ten, entre os seus fins fundamentais, promover o uso dos montes galegos, en especial os de coníferas, mediante a potenciación do uso das súas madeiras.

No ámbito galego, ARUME é a única entidade que ten como finalidade a promoción do piñeiro galego é que reúne en exclusiva ás principais entidades e organizacións da cadea vinculadas ao mesmo.

A diferenciación e promoción dos produtos elaborados con madeira de calidade de piñeiro de Galicia traducirase en xeración de valor e nun beneficio real para toda a cadea, dende o propietario forestal ata o consumidor final, favorecendo á silvicultura activa e fortalecendo e mellorando a competitividade da industria de primeira e segunda transformación da madeira.



En primeiro lugar, realizarase un estudo da viabilidade, oportunidade e riscos da diferenciación dos produtos elaborados con madeira de piñeiro de Galicia, analizando experiencias e iniciativas para identificar aspectos claves a considerar no desenvolvemento dunha estratexia de diferenciación, elaborando un documento técnico previo á solicitude de rexistro dunha marca de garantía e a elaboración dun estudo respecto da posible utilización do selo Galicia Calidade para determinados produtos madeira de piñeiro de orixe galego.

En segundo lugar, levarase a cabo unha serie de actividades de promoción e divulgación do feito diferencial e dos múltiples valores específicos montes galegos de coníferas e, en particular, dos produtos derivados de madeira de piñeiro con accións dirixidas aos axentes da cadea e aos consumidores así como poranse en marcha accións formativas en materia de comunicación e márketing forestal dirixidas a axentes da cadea de valor.

Con todo iso, reforzarase a cadea de valor monte-industria existente na comunidade galega fortalecendo a industria da primeira e segunda transformación da madeira mediante a diferenciación dos seus produtos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, deste xeito o presente convenio está excluído da aplicación da Lei 9/2017 de acordo co seu artigo 6.

En atención o exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

O director da Axencia Galega da Industria Forestal
[Asinado dixitalmente]

José Ignacio Lema Piñeiro

